

BACHELARATO
/ Guía para o alumnado



CASA DE ROSALÍA

*Na casa de
Rosalía de Castro*

A ROSALÍA FEMINISTA

Presentación

Esta unidade ten como obxectivo achegarte a Rosalía de Castro, tanto á súa vida como á súa obra, a través da visita á Casa de Rosalía.

Este material que tes nas mans é un documento de traballo que complementa a presentación *Rosalía de Castro. A Rosalía feminista*.

Convidámote a que na compañía da túa profesora ou profesor comeces esta experiencia con Rosalía.

O que xa sei e o que imaxino

Antes de principiar terás que utilizar algo a memoria e moito a intuición e a imaxinación para completares os seguintes cadros.

O que xa sei

O que imaxino

Presentación [CONTINÚA]

Na portada (diapositiva 1) poderás ver a presentación das partes que a compoñen:

- A vida de Rosalía
- A visita á Casa de Rosalía
- A Rosalía feminista
- A obra
- O mito Rosalía

Se o desexas, podes acceder directamente a cada unha destas partes máis a nosa recomendación é que sigas en orde a visualización das diferentes diapositivas.

A vida dunha muller singular

A través de 9 momentos resumimos o esencial da súa traxectoria biográfica:

- Nacemento
- Infancia
- Mocidade
- Matrimonio
- Itinerancias
- Fillos
- Ausencias
- Morte
- O recoñecemento popular

A Casa de Rosalía de Castro

Para que poidas prepararte para o que vas atopar na Casa de Rosalía ofrecémosche un breve percorrido textual polas diferentes salas.

Unha obra, para quen?

Ao afrontarmos o estudo da obra, o primeiro que imos ver é para quen escribiu Rosalía.

Agora tócache pensar. Despois de leres a diapositiva 7, anota no cadro para quen cres que escribiría Rosalía se vivise na nosa época.

A obra rosaliana

Observa con atención a liña do tempo da obra rosaliana que tes na diapositiva 8 fixándote ben nas iconas e logo contesta as preguntas.

Cantas obras publicou Rosalía en verso en galego?

E en castelán?

Cantas obras publicou de narrativa?

E de poesía?

Tradicionalmente non se valorou a prosa de Rosalía, uns textos aos que cada vez a crítica literaria especializada lles presta maior atención.

Agardabas esta proporción entre narrativa e poesía na obra rosaliana?

Por que?

Cantares gallegos (1863)

As dúas diapositivas seguintes están dedicadas a *Cantares Gallegos* (1863), nelas poderás aprender a súa significación e ver a produción posterior derivada doutros escritores e dun cantante, O Rabelo.


Igual que eses 35 autores, agora tócache a ti dialogar coa obra de Rosalía.

Elix un poema de Rosalía e continúa e/ou transfórmao de maneira que diga algo de ti e mais tamén algo dela.

Cantares gallegos (1863) [CONTINÚA]

Visualiza varias veces o vídeo do tema “Somos legiom” do Rabelo e indica que elementos relacionarías coa obra de Rosalía.

Se podes, sinala tamén o título da obra e/ou do poema/s referenciados.



Follas Novas (1880)

Agora veremos *Follas Novas* (1863), a súa obra máis célebre, coñecerás as súas principais características.

Follas Novas (século XXI)

Neste tema vemos como se versionou un poema de *Follas Novas* (1880), titulado “Bos amores”.

Consideras que o texto pola súa significación podería encaixar na nosa época? Xustifica a túa resposta.

Os escritos feministas


A diapositiva número 13 está dedicada a aqueles textos onde Rosalía amosou a súa teoría feminista dunha maneira máis explícita.

Le a que é, sen dúbida, a cita feminista máis coñecida de Rosalía.

“Eu son libre. Nada pode protexer a marcha dos meus pensamentos, e eles son a lei que rexe o meu destino.”

Lieders (1858)

Le con atención a cita de Rosalía. Cal é a proclama da autora neste texto?



Rosalía total

Nesta diapositiva 14 e nas seguintes queremos que te achegues ás catro dimensións da obra de Rosalía para entenderes como ela ollaba o mundo que a rodeaba.

Rosalía do pobo

Imos atopar a Rosalía do pobo no poema “Miña casiña, meu lar” nesa épica da xente humilde a través da cal a autora converteu o caldo de gloria nese alimento do corpo e da alma do pobo galego para sobrevivir.

Escoita agora a peza “Caldo de Gloria” e ponlle palabras ao que che suxire.

Rosalía dos oprimidos

Para denunciar as situacións de opresión, Rosalía escolle os humildes personificados nos labregos galegos que van traballar a Castela onde non son ben tratados.

“Castellanos de Castilla” é o poema que mellor representa esta situación social e sempre foi moi ben acollido como o demostran as numerosas versións musicadas que se levan realizando ao longo do tempo e estilos musicais variados.

Rosalía existencial

Atopamos nesta ollada súa existencial o poema “Negra sombra”, unha composición que por esta altura xa está considerada o segundo himno das galegas e galegos.


Rosalía feminista

Dende a diapositiva número 21 e ata a diapositiva 27 ímonos centrar na Rosalía feminista a través do seu poema “A xusticia pola man”.

Para coñecermos mellor a súa significación, leremos o texto de María do Cebreiro Rábade Villar que nos amosa en termos de dereito á transcendencia do poema rosaliano.

Na diapositiva 24 poderás ver múltiples versións musicadas desta peza que se converteu no himno rebelde de Rosalía fronte ao “Negra sombra”, que sería o himno sentimental.

Reflexiona sobre esta composición. Cres que a opción defendida por Rosalía é lexítima? Xustifica a túa resposta.



Rosalía feminista. A recreación


Na páxina 25 podes ver unha animación do mesmo poema.

Agora tócache a ti. Recrea este poema singular da nosa historia literaria nun formato bimodal que che permita expresar a traxedia que agacha esta composición.

Rosalía feminista. A tres bandas

En moitas ocasións, as interpretacións alleas descóbrennos valores artísticos aos que nós nos chegamos mediante a nosa lectura autónoma.

Visualiza o documental 'A tres bandas' e anota aquí tres ideas que che parezan novas e interesantes.



Rosalía feminista. E agora ti


Agora tócache a ti analizares con ollos críticos a sociedade que te rodea como o fixo Rosalía no seu momento. Anota aquí o esquema base da túa futura creación.



Rematade cun acto público no voso centro onde amosedes as vosas creacións. Publicádeo nas redes e non esquezades incluír os cancelos #CasadeRosalía e #Rosalíasempreviva.

A Rosalía mito

A diapositiva 28 está dedicada á repercusión e aceptación social da figura de Rosalía de Castro e da súa mensaxe. Na túa opinión, cales serían os motivos para que Rosalía teña chegado a se converter nun mito?



E ti canto sabes de Rosalía?

Acerta con Rosalía

Este xogo da unidade está destinado a comprobar que datos concretos lembrás sobre Rosalía.

8 palabras relacionadas con Rosalía

Nestoutro xogo tes que adiviñar cando o que se di sobre Rosalía é certo ou falso.

Saberás ordenar as obras de Rosalía?

Agora o teu obxectivo será localizar palabras relacionadas con Rosalía.

Neste xogo familiarizaraste coas obras da nosa autora e a súa liña temporal.

Agardamos que a unidade e a visita á Casa de Rosalía fosen do teu interese.



CASA DE ROSALÍA

Esta guía didáctica
foi elaborada por
Pilar Ponte (A Profa)

rosalia.gal

A Matanza, s/n
Padrón

FUNDACIÓN
ROSALÍA DE CASTRO

APOIA:



Deputación
DA CORUÑA